

Teño, agora, a honra de presentarlles ao pregoeiro das festas patronais de Villalba e mantenedor desta octava edición do Certamen Literario villalbés: o Profesor Xosé Filgueira Valverde; o home que é síntese da cultura galega.

Investigador, conferenciante, poeta, escritor, Catedrático de Lingua e Literatura xubilado, Director e fundador do Museo de Pontevedra, Membro da Real Academia Galega; un dos primeiros intelectuais galegos.

Da sua laboura quedánnos aos galegos máis de douscentos títulos publicados, ~~p~~ = un milleiro de conferencias, mille ~~tres~~ de artigos na prensa...

Con profundísimos coñecementos de arte, historia, de Literatura... é unha das fontes más limpas onde se pode acudir pra coñecer o xeito de ser, a historia, a vida, de Galicia.

A sua especialidade é a lírica galaico-portuguesa medieval. Fai 47 anos doutorouse cunha tesis sobre a cantiga CIII de Alfonso X El Sabio que precisamente, neste ano de 1.982, foi publicada.

Filgueira Valverde é hoxe o máximo representante da cultura galega, a nivel ~~oficial~~ particular, como pensador, como escritor, como investigados; e a nivel oficial: como Conselleiro da Cultura da Xunta de Galicia.

Poucas veces se dará tan xusta concordancia entre a realidá i o seu recoñecemento a nivel oficial.

Xosé Filgueira Valverde, Pregoeiro e mantenedor; bén pode ser pregoeiro de festa e de cultura, de tradición e de letras, quen adicou toda unha longa vida a investigar i esparexer a lingua, a literatura, e a cultura de Galicia. Benvido a Villalba; benvidas as suas verbas de Pregoeiro e Mantenedor.

---